

ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO ACABADO DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 12:00 horas do día 22 de setembro 2016, constitúese a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación do obra de “*Substitución do acabado da cuberta do polideportivo municipal*”, presidida por Manuela Fernández Louro, actuando como vocais, a Secretaria Interventora do Concello, Irene Suárez López e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando como Secretaria da mesa a funcionaria María Carmen Trillo Mouzo.

Por Resolución de Alcaldía núm. 338/2016, de 24 de agosto, acordouse iniciar o expediente para levar a cabo a licitación da obra de Substitución do acabado da cuberta do polideportivo municipal, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, multiplicidade de criterios de adxudicación, cun orzamento de licitación de 99.825,01 € (82.500,01 € e 17.325,00 € IVE), convocando a súa licitación.

Publicado anuncio de licitación para a presentación de ofertas por prazo de quince días no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 164, do martes, 30 de agosto, e no perfil do contratante do órgano de contratación, foron presentadas as seguintes proposicións:

Ábaco Sercoin S.L.U.	N.R.E. 1413 de 12 de setembro
TERRAUGA Proyectos y Obras S.L.	N.R.E. 1426 de 13 de setembro
Construcciones Ogando S.L.	N.R.E. 1432 de 14 de setembro
PROYCOGA Construcciones S.A.	N.R.E. 1437 de 14 de setembro
HIERROS BUENO S.A.L.	N.R.E. 1447 de 15 de setembro

Mediante Resolución de Alcaldía 386/2016, de 19 de setembro, procédese á convocatoria da Mesa de Contratación Convocar á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública e, se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, proceder acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do do SOBRE B, Referencias Técnicas. Criterios non avaliados de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

Comprobados os documentos achegados polas empresas presentadas á licitación no SOBRE A, Documentación Administrativa, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, admitir a todas as empresas presentadas.

De seguido procédese á apertura do SOBRE B, Referencias técnicas, acordándose por unanimidade dos membros presentes, solicitar informe técnico, aos efectos de valoración das ofertas presentadas.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.



Praza José Carrera, 1
15130 Corcubión (Galiza)
Tf: 981 745 400 Fax: 981 747 100
correo@corcubion.gal www.corcubion.gal

A MESA DE CONTRATACION.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

Manuela Fernández Louro

A SECRETARIA DA MESA

María del Carmen Trillo Mouzo

VOGAIS:

O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez

A SECRETARIA INTERVENTORA

Irene Suárez López